

Peden libros en castellano para asignaturas que deben impartirse en galego

■ CARME VIDAL

En varios coléxios de Pontevedra estase a incumprir a lexislación vixente en materia de normalización lingüística ao non impartir a asignatura de *Coñecemento do medio* en galego como é obligatorio. Esta disciplina da reforma corresponde á área de ciencias sociais da que fora lexislado mediante unha orde a obrigatoriedade de ser veiculizada en galego. A Mesa pola Normalización Lingüística en Pontevedra e a CIG denunciaron este feito ante o Delegado da Conselleria de Educación sen obter polo de agora nengunha resposta.

Consultadas varias librerías da cidade comprobouse que son moitos os centros que solicitaron o libro en español e alguns chegaron mesmo a pedir a edición da Comunidad de Madrid. Alén de estar a incumprir a normativa en canto ao uso do idioma, os coléxios están a ter tamén unha actuación ilegal ao non respeitar os contidos do Desenho Curricular Básico na matéria de *Coñecemento do medio* que recolle o achegamento dos estudiantes á realidade do país.

Pasividade da Conselleria

A comezos de curso as librarias comprobaron como nalgúns centros anunciábase o libro en galego e logo os profesores obligaban aos alúrrios a comprárlor



A NOSA TERRA

a edición en español. Dase tamén a circunstancia de que algun coléxio privado cambiou a petición para o libro en galego ao se decatar de que podería estar en perigo a subvención concertada. Mesmo tendo capacidade para controlar estas irregularidades, a conselleria non está actuando ao respecto e isto fai que dependa da vontade dos mestres e das direccións o cumplir a normativa.

Ante esta situación a Mesa solicitou á Conselleria que velase polo cumprimento da legalidade no ensino e que investigase o seu incumprimento nos centros ademais de ordenar o cambio dos libros ilegais por materiais en galego.♦